



Varios momentos da exposición.



As salas do Museo do

Mar de Galicia en Alcabre

presentan unha exposición dedicada á colección de alabastro de Jaime Trigo. A

mostra conformana 89 pezas, e amosan o labor recompilatorio do galerista e anticuario galego Jaime

Trigo que principiou a súa procura de obras hai

máis de 40 anos coa compra dun San Miguel de escultura italiana (séculos XVI-XVII) con influencias virreinais e que chegou a reunir as máis de 300 obras que agora constituen a colección.

O alabastro, un material moi, de talla relativamente doada e de transicida beleza, permite repasar a historia dos estilos artísticos a partir do uso deste material con creto con obras que van desde a época romana até o século XVIII, estando presentes obras románicas, góticas, renacentistas e barrocas.

Están presentes as principais escolas escultóricas europeas

Na colección están representadas as principais escolas escultóricas europeas con pezas italianas, flamengas, alemás, francesas, portuguesas e españolas. Tamén hai unha selección presenza de obras coloniais hispano-americanas. Abundan, como é lóxico, as representacións de carácter relixioso, o que favoreceu unha organización expositiva que singulariza os distintos modelos iconográficos: María, Xesús, os Santos e outras escenas relixiosas e finalmente outras pezas da colección.

No percorrido expositivo faise especial fincapé nalgunhas das claves da colección, como as representacións da Virxe de Trápani, da que Jaime Trigo posúe a escultura máis numerosa do Estado; ou dos relevos góticos realizados nos obradoiros de Nottingham, un dos focos máis importantes da arte en alabastro nos séculos finais da Idade Media. Ta-

O alabastro a través do tempo

Unha excepcional colección no Museo do Mar

CARLOS L. BERNÁRDEZ

mén sa-lientan de xeito especial obras italianas, centroeuropeas e españolas do renacemento e do barroco, nomeadamente iconografías marianas e representacións de Cristo, non faltando tampouco pezas románicas –hai un magnífico capitel

toscano do século XII– e protomanas, como a representación dunha fermosa dama grávida, obra flamenga do século XVI.

A mostra, que estivo con anterioridade exposta no Pazo de Xelmírez en Compostela, lígase na montaxe do

Museo do Mar de Galicia ao mundo da navegación marítima singularizando un ámbito en que se presentan catro exemplos dos famosos alabastros de Nottingham que nos séculos finais da Idade Media eran obxecto dun intenso comercio marítimo desde Inglaterra a vantados destinos europeos, entre eles distintos portos galegos.

A chegada ao noso país desta produción está ligada ás fluídas relacións comerciais que algunhas cidades e vilas costeiras, como A Coruña, mantián con Inglaterra ao longo da Baixa Idade Media. Alén diso, o fenómeno da peregrinación a Santiago de Compostela favorecía a recepción de tales

pezas por vía marítima procedentes de Inglaterra, utilizadas como ofertas devocionais. Un exemplo paradigmático a este respecto é o reballo Goodyear que se conserva no Museo da catedral de Santiago traído por un peregrino inglés. De igual maneira, ese mesmo carácter devocional e até preciso de tales pezas convertíriase en obxectos de fácil venda, polo que moitas obras hoxe conservadas, no caso galego, puideron ser traídas por devotos que facían o Camiño de Santiago.

Os alabastros ingleses do século XV tallaban imaxes destinadas ao culto e á oración, que normalmente eran máis baratas que as obras esculpidas con outros materiais. Moitas veces elaboraban placas que colocaban en sinxelos marcos de

pedra ou madeira. Os obradoiros da cidade inglesa de Nottingham, próximos ás pedrizas máis importantes, exportaban a toda Europa estatuas, relevos e reballos de alabastro. Cando, a mediados do século XVI, a Reforma inglesa derivou en prohibición e destrución de imaxes relixiosas, este comercio foi interrompido e os obradoiros de alabastro ingleses centraron a súa actividade nos monumentos funerarios dentro da propia Inglaterra. **Título:** *O alabastro a través do tempo. Colección Jaime Trigo. Comisario: Ramón Yzquierdo Peiro. Organización: Fundación Catedral de Santiago e Isadora Art Decó-Centro de Arte, coa colaboración da Xunta de Galicia. Local: Sala Exposicións do Museo do Mar de Galicia, Vigo*



A mostra está conforma por un total de 89 pezas.

Virxe de Trápani

Outro ámbito singularizado na exposición O alabastro a través do tempo, Colección Jaime Trigo é o conformado por un conxunto de representacións da Virxe de Trápani, un modelo iconográfico realizado a partir da figura da Virxe María que se venera na cidade siciliana de Trápani e que se pode considerar como o mellor e máis

numeroso no seu estilo. O modelo de orixe gótica e atribuído a Nino Pisano, presenta a figura de María termando sobre o brazo esquerdo do Meniño e deixa abiscar un sorriso, en tanto que

XVIII e XVIII, o auxe da devoción á Madonna di Trapani vai favorecer unha abondosa elaboración de copias en talleres onde a produción de cualificarse case que de "en serie".